




EXPOSICIÓN LETRAS GALEGAS 2025

Tesoureiras do noso

CONTIDOS NAS TABLETAS – TV DA EXPOSICIÓN AUDIOVISUAL

	Contido	Introdución	Dispositivo	Dispoñible en internet
	Documental Dorothe na vila Documental publicado no ano 2020. Dirixido e guionizado por Alejandro Gándara e Olaia Tubío. Fotografía de Rubén Gasalla. Duración: 85 minutos. Exhibición nesta exposición permitida de balde polos directores.	Corenta anos despois de que Dorothe Schubarth e Antón Santamarina foran por Galicia adiante recollendo cantares galegos polas aldeas, Alejandro e Olaia, dous mozos galegos, tentan seguir os seus pasos para atopar as persoas que aínda seguen vivas e ver que foi delas.	Tabletas TV	 Dorothe na vila
	Programa A Chave Número 36 (22/11/1998) Duración: 01:19:19 Exhibición nesta exposición	Faladoiro moderado por Tino Santiago, onde se reflexiona sobre o folclore. Participan Mercedes Peón, Manuel Cajaraville (folclorista e director da agrupación Aturuxo), Felipe Senén (arqueólogo e museólogo), Francisco Rodríguez (director do Grupo	Tabletas TV	



	permitida de balde pola CRTVG	Etnográfico As Mariñas), Anxo Pintos (compoñente de Berrogüetto) e Wenceslao Cabezas (director da Escola Municipal de Danza de Vigo).		
	Programa Corazonada Número 20 (01/11/1989) Duración: 00:14:18 Exhibición nesta exposición permitida de balde pola CRTVG	Dirixido por Xosé Ramón Gayoso. Catro das de Mens (Teresa lema, Manuela Lema, Asunción Garrido, Delia Rey) falan con Gayoso sobre as súas actuacións e a súa traxectoria. Actúan tamén cantando e tocando.	Tabletas TV	
	Programa Aturuxo Número 5 (23/11/1986) Duración: 00:34:47 Exhibición nesta exposición permitida de balde pola CRTVG	Presentado por Xosé Manuel Maseda. Actuación do grupo folclórico Aturuxo, cantan e tocan as pandeireteiras de Mens <i>Maneo de Mens</i> , <i>Pandeirada de Mens</i> .	Tabletas TV	En parte:  Programa Aturuxo
	Programa Ruada Número 2 (13/09/985) Duración: 00:10:45 Exhibición nesta exposición permitida de balde pola CRTVG	Presentado por José L. Blanco Campaña. Actuación das pandeireteiras de Mens: Teresa, Asunción, Prudencia, Adela e Manuela, que tamén responden algunhas preguntas do presentador.	Tabletas TV	En parte:  Programa Ruada



	Bailes de Mens Fita de super 8 da recolla da Sección Feminina en Mens, maio de 1971. Duración: 00:33:03 A Asociación Coros e Danzas Eidos é a depositaria desta gravación e foron eles quen nola facilitaron de balde	Reprodución dixital dunha fita en súper 8 gravada pola Sección Feminina da Falanxe das JONS en Mens. A Sección Feminina levaba Cátedras Ambulantes polas aldeas coas que trataba "civilizar" a xente cos métodos de canto e baile que crían apropiados para os seus valores. Son só imaxes, o formato súper 8 non grava o son.	Tabletas TV	 Bailes de Mens
	Se canto é porque quero Serie documental publicada no ano 2025 co gallo do Día das Letras Galegas pola Real Academia Galega. Dirixida por Damián Varela Pastrana e Alba López Álvarez. Duración capítulo 1: 00:19:25 Duración capítulo 2: 00:17:21 Duración capítulo 3: 00:19:47 A súa exhibición foi facilitada de balde nesta exposición pola	Capítulo 1. Rosa e Adolfinia. As recollidas onte e hoxe O primeiro capítulo, dedicado a Rosa e Adolfinia Casás Rama, conta coa participación de Richi Casás, Mercedes Peón e Antón Santamarina. Capítulo 2. As pandeireteiras de Mens. Da aldea á cidade Dedicado ás pandeireteiras de Mens, conta cos testemuños de Isabel García Quintela e Manel Fernández Pensado, presidenta e presidente de honra da Agrupación Folclórica Aturuxo da Coruña, da que formaron parte as cantareiras de Malpica de Bergantiños, as cantareiras da Asociación Cultural Raigañas de Cerqueda	Tabletas TV	 Capítulo 1  Capítulo 2  Capítulo 3



	Real Academia Galega. Realizouse co apoio económico da Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña e o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.	(Malpica de Bergantiños) e Carme e Uxía da Pontragha. Capítulo 3. Eva Castiñeira. A necesidade de perdurar Dedicado a Eva Castiñeira, conta coa participación de Tereixa Novo, Carmen Vázquez e Pedro Lucas (Fuxan os Ventos), Felisa Segade (Leilía) Martín Mondragón (Mondra), Sabela Caamaño e Antía Ameixeiras (Caamaño&Ameixeiras), o alumnado do CEIP Os Muíños (Muxía) e integrantes do Regueifa Tour.		
	Actuacións e paseo das Pandeireteiras de Mens Teatro Rosalía de Castro da Coruña, 1980 Duración "Maneo de Mens": 00:05:46 Duración "Pandeirada de Mens": 00:04:22 Duración saúdo: 00:00:44 A Agrupación Folklórica Aturuxo facilitounos de balde estas	As pandeireteiras de Mens cantan e tocan co grupo Aturuxo, no Teatro Rosalía de Castro da Coruña no ano 1980, para celebrar o seu 25 aniversario. Actuación "Maneo de Mens" Actuación "Pandeirada de Mens" Paseo As pandeireteiras e todo o grupo desfilan antes dunha actuación no teatro.	Tabletas TV	 Pandeirada Maneo Paseo e saúdo (I) Paseo e saúdo (II)



	gravacións			
	Pandeireteiras de Mens Reportaxe documental de RTVE en Galicia presentada por Tareixa Navaza, gravada no ano 1983. Duración: 00:31:37	Realizada en Mens, figuran catro das cinco pandeireteiras (só faltaba Adela). Reportaxe de gran valor antropológico, realizada con grande intuición e sensibilidade. A reportaxe é unha das primeiras feitas sobre mulleres por unha muller. Foi premiada no ano 1983 por unha institución organizada por mulleres do PSOE, en recoñecemento á muller no sector audiovisual.	Tabletas TV	
 	Selección de 15 audios de cantareiras coa súa letra e nalgún caso partitura e anotacións de Dorothé. Os materiais referenciados deseguido son usados por cortesía do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (Instituto de Estudos das Identidades do Museo do Pobo Galego) no que se alberga o fondo Schubarth-Santamarina ao que pertencen as gravacións/fotografías.	Adolfina e Rosa Casás Rama. Concello de Cerceda, recolla entre 1980-1983 Pandereteiras de Mens (Asunción Garrido Ameijenda) , outras non homenaxeadas: Manuela Garrido Ameijenda e Teresa Lema Varela. Concello de Malpica de Bergantiños, Mens e Asalo, recolla en marzo de 1980 Cantareiras non homenaxeadas: Estrela de Regoelle, Dumbría, recolla en decembro de 1980 Concha de Agrade (Chantada) , recolla en novembro de 1980	Tabletas	Buscar no APOI:  APOI



	Duración: 00:47:15 Exhibición nesta exposición permitida de balde polo APOI-Museo do Pobo Galego			
	Disco do Festival Châteauneuf-du-Faou, 1981. Pista 14. Xota I+III Recollida do: Libro-disco "Pandeireteiras de Mens" de Beatriz Busto Miramontes. Compostela: aCentral Folque, 2021. ISBN 978-84-122867-2-4 Duración: 0:03:36	As Cinco de Mens actuaron co grupo folclórico Aturuxo no Festival Châteauneuf-du-Faou no ano 1981, xunto co grupo Xacarandaina representando a Galicia. Gravouse un disco con todas as actuacións do festival Musiques et Chants de Sadaigne, Hongrie, Galice, Slovaquie, enregistrés au Festival de Danses et Traditions Populaires de Châteauneuf-du-Faou. Diskan, 1981. Este audio correspóndese coa pista 14.	Tabletas	